

RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDA SUBVENCIONS A PROXECTOS DE REHABILITACIÓN E REFORMA DE MERCADOS MUNICIPAIS 2020-2021

I.- Identificación do proxecto

- Procedemento: MR712A
- Nº de Expediente: ME20-0307413A-0036
- Titulo do proxecto: PROXECTO PARA A IMPLANTACIÓN DE ASCENSOR NO MERCADO MUNICIPAL DE REDONDELA
- Concello: CONCELLO DE REDONDELA

II.- Antecedentes

- O 6 de marzo de 2020 o concello promotor do proxecto presentou unha solicitude de axuda para a execución do proxecto citado.
- O equipo técnico de Agader emitiu informe de control de elixibilidade (ICE), unha vez realizados os controis administrativos sobre a solicitude de axuda segundo establecido no Plan galego de controis Feader das medidas non establecidas no ámbito do sistema integrado para o período 2014-2020.

III.- Fundamentos legais

- Decisión de Execución da Comisión Europea, do 18 de novembro de 2015, pola que se aproba o Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia (España), para os efectos da concesión da axuda do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (CCI:2014ES06RDRP011), e actos modificativos posteriores.
- Resolución do 18 de decembro de 2019, do director xeral de Agader, pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións para proxectos de rehabilitación e reforma de mercados municipais de venda de produtos agroalimentarios, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia (PDR) de Galicia 2014_2020 (DOG núm. 13, do 21 de xaneiro de 2020; modificada por Resolución do 29 de maio de 2020, DOG núm. 109, do 6 de xuño de 2020).
- Resolución do 24 de xullo de 2013, da Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, pola que se fai pública a delegación de competencias na Presidencia e na Dirección Xeral (DOG núm 148, do 5 de agosto).

Tendo en conta a proposta de resolución elevada pola Subdirección de Planificación e Dinamización do Medio Rural, en calidade de órgano instructor do procedemento, **RESOLVO**

- Conceder unha axuda ao proxecto sinalado nos seguintes termos e de acordo coas seguintes condicións:

I. Orzamento.- O orzamento presentado e aprobado desagregado por partidas é o seguinte:

Partida	Orzamento presentado	Orzamento aceptado
<i>Execución de obra</i>	41.320,87 €	40.088,91 €
<i>Redacción de proxecto e dirección de obra</i>	0,00 €	0,00 €

Observacións ao orzamento:



En relación coa partida Execución de Obra compre facer as seguintes observacións: Acéptase o orzamento de execución por contrata, con exclusión das partidas CA12.1 e CA.13, por tratase de partidas alzadas e/ou sen desagregar -artigo 4.2.k) das bases reguladoras-.

II. Baremo.- A puntuación obtida en cada criterio do baremo (artigo 15 das bases reguladoras) é a seguinte:

CRITERIO	PUNTUACIÓN
1) A localización xeográfica da actuación	12,00
2) En función da boa xestión acreditada polas entidades solicitante	6,00
a) O solicitante rendeu as contas do exercicio anterior dentro dos prazos legalmente establecidos	2,00
b) O solicitante cumpriu coa estabilidade orzamentaria no exercicio precedente	4,00
c) O solicitante aprobou o orzamento anual no prazo legalmente establecido e non o ten prorrogado	0,00
3) En función da actuación proposta	32,00
a) A entidade solicitante presenta investimentos destinados á supresión de barreiras arquitectónicas e mellora da accesibilidade ao mercado ou praza de abastos	10,00
b) A entidade solicitante comprométese a informar, promocionar e difundir o mercado a través da súa páxina web	4,00
c) A entidade solicitante presenta investimentos destinados á redución do impacto medioambiental da actividade e dos residuos xerados	0,00
d) Se a entidade presenta investimentos destinados á instalación ou mellora de cuartos de aseo	0,00
e) Se a entidade presenta investimentos destinados a instalar ou mellorar a sinalización dentro do propio mercado ou praza de abastos	0,00
f) No mercado ou praza de abastos existen puntos de venda que oferten produtos en canais curtos de comercialización produtos de proximidade e/ou ecolóxicos	10,00
g) No mercado ou praza de abastos existen puntos de venda que oferten produtos agroalimentarios con Denominacións de Orixe Protexida ou con Indicación Xeográfica Protexida, recoñecidas pola lexislación autonómica de Galicia	8,00
PUNTUACIÓN TOTAL	50,00

Esta puntuación determina a subvencionabilidade do proxecto.

III. Réxime financeiro da axuda.- Nos termos previstos no artigo 5 das bases reguladoras, os proxectos subvencionados recibirán unha porcentaxe de subvención do 80%, dos custos subvencionables, ata un máximo de 50.000 € de axuda, de acordo co seguinte cadro:

Orzamento aceptado	40.088,91 €			
Porcentaxe axuda	80%			
Conta orzamentaria	14-A1-712A-760.0			
Importe axuda	32.071,13 €	<i>Distribución por fondos</i>		
		FEADER	75%	24.053,35 €
		MAPAMA	7,5%	2.405,33 €
		XTA. GALICIA	17,5%	5.612,45 €

O importe da axuda distribuirase entre anualidades do seguinte xeito:

Anualidade	% subvención	Importe subvención
2020	50%	16.035,56 €
2021	50%	16.035,57 €

A presente axuda está cofinanciada polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, no marco da medida 7.4 do PDR de Galicia 2014-2020. A súa concesión incide directamente na Área focal 3A e 6B.

IV. Réxime de incompatibilidades.- Esta axuda é incompatible con calquera outra que, para o mesmo proxecto e finalidade, leve cofinanciamento comunitario, independentemente do fondo de procedencia e da súa



tipoloxía. En particular, será incompatible con calquera axuda cofinanciada con Feader no marco do PDR de Galicia 2014-2020. Coa excepción anterior, as subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria serán compatibles con outras axudas, subvencións ou recursos destinados á mesma finalidade, sempre que a intensidade máxima das axudas con fondos públicos non exceda o 100% do importe elixible do proxecto.

Nos termos declarados xunto coa solicitude de axuda, a persoa/entidade promotora declara:
Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención

V. Réxime de xustificación e pagamento.-O prazo límite para executar e xustificar os investimentos correspondentes á anualidade 2020 será o 1 de outubro de 2020. O prazo final de execución e xustificación remata o 1 de xullo de 2021.

A xustificación documental dos investimentos realizarase nos termos previstos no artigo 21 do anexo I da Resolución do 18 de decembro de 2019, pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións para proxectos de rehabilitación e reforma de mercados municipais de venda de produtos agroalimentarios, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

O réxime de pagamentos será o establecido no artigo 23 do anexo I da Resolución do 18 de decembro de 2019, pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións para proxectos de rehabilitación e reforma de mercados municipais de venda de produtos agroalimentarios, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

VI. Obrigas dos beneficiarios.-Con carácter xeral, son obrigas dos beneficiarios as establecidas no artigo 11 da LSG e, en particular:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, e manter a obriga de destino das actuacións subvencionadas durante un período mínimo de cinco anos a partir da resolución de pagamento final.

As obras deberán ter unha garantía de mantemento de cinco anos, contados desde a data de pagamento final da axuda, e serán por conta do concello os custos necesarios para a súa xustificación. O concello debe asumir todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades causadas por mor das obras, nos termos previstos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

2. No caso de que o concello solicitante asumise o compromiso de realizar actividades de información, promoción e difusión do mercado local a través da súa paxina web, nos termos previstos no artigo 15.3.b) destas bases reguladoras, este contido deberá proporcionar información suficiente sobre a identificación e localización do mercado, o seu réxime de funcionamento e apertura; conter una relación dos postos de venda e produtos ofrecidos, información sobre as campañas de promoción e difusión da vantaxes do comercio local. Estes contidos deberán manterse durante o período de cinco anos a contar desde a data de pagamento final do expediente. O incumprimento deste compromiso dará lugar á rebaremación do proxecto, podendo comportar, de ser o caso, o reintegro da axuda concedida.

3. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como o cumprimento da finalidade da subvención, a realización do proxecto completo que fundamentou a concesión da subvención e o seu custo real.

4. Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e executar a totalidade do proxecto presentado xunto coa solicitude que fundamentou a resolución de concesión, segundo o estipulado no artigo 41 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Realizar o proceso de tramitación e adxudicación da contratación conforme coas prescricións contidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e demais normativa de contratación aplicable ás entidades locais.

6. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

7. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.



8. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes da subvención nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A aceptación da axuda supón a súa publicación nunha lista pública de beneficiarios.

9. Cumprir coas obrigas de publicidade que se especifican a continuación:

Deberase publicitar a concesión da axuda nos termos previstos no Anexo III do Regulamento 808/2014, da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1305/2013, e co disposto na Estratexia de información e publicidade do PDR 2014-2020 de Galicia; en particular, do seguinte xeito:

a) Deberá colocarse en lugar visible ao público unha placa con información sobre o proxecto, en que se destacará a axuda financeira da Unión, coa inclusión do seguintes elementos: a bandeira europea, a referencia ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e a inclusión do lema: «Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural». Ao mesmo tempo, incluírán unha referencia á participación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación na cofinanciación das actuacións subvencionadas, mediante a inclusión do logotipo deste organismo. As placas, que se colocarán nun lugar visible ao público, serán de material resistente e ríxido, non sendo admisible a simple impresión en papel.

Agader facilitará a través da súa páxina web os modelos, formatos e dimensións das placas informativas.

b) No caso de que o concello teña páxina web, incluírá unha breve descrición da operación con referencia ao financiamento da Unión Europea.

As referidas obrigas de publicidade deberán cumprirse durante un período mínimo de cinco anos a contar desde a resolución de pagamento final da axuda.

10. Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, ás de control financeiro que corresponde á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa subvención concedida, así como as previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Os concellos beneficiarios suxeitaranse ás verificacións previstas no Regulamento (UE) núm. 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) núm. 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ao Sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade, e, no seu caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. De conformidade cos artigos 24 e seguintes do citado regulamento, entre estas actuacións de comprobación efectuaranse controis administrativos de todas as solicitudes de axuda e de pagamento, así como os controis sobre o terreo e controis a posteriori que se determinen. Ademais, e en aplicación do disposto no artigo 71 do Regulamento (UE) núm. 1305/2013, deberán proporcionarlle á Autoridade de Xestión do PDR de Galicia 2014-2020, aos avaliadores designados ou a outros organismos en que dita autoridade delegue a realización deste tipo de tarefas, toda a información necesaria para poder realizar o seguimento e avaliación do programa.

11. Os beneficiarios deberán manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados ao amparo desta orde, segundo resulta do artigo 66 do Regulamento 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Feader.

12. Cando o concello beneficiario non poida executar o proxecto subvencionado, deberá presentar a súa renuncia a través do modelo normalizado que se incorpora á resolución como anexo IV.

Para os efectos de determinar a compatibilidade e acumulación das axudas, a persoa beneficiaria deberá declarar outras axudas solicitadas, concedidas e/ou pagadas para o mesmo proxecto, nos termos previstos na solicitude de axuda (anexo II) e na solicitude de pagamento (anexo V).

VII. Condicións a ter en conta para a subvencionabilidade do proxecto

-Os proxectos deberán axustarse á normativa sectorial (autonómica, estatal e local) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto. Xunto coa solicitude de pagamento final deberán presentar copia dos permisos e autorizacións legalmente esixidos para a execución das obras.



-Dado que o concello asumiu o compromiso de realizar actividades de información, difusión e promoción do mercado local a través da páxina web, con carácter previo ao pagamento final do expediente verificarase que este contido proporciona información suficiente nos termos previstos no artigo 19.2 das bases reguladoras.

VIII. Réxime de reintegro e sancionador.- Procederá o reintegro das contías percibidas indebidamente e a exigencia dos xuros de demora nos supostos previstos no artigo 33.1 da LSG. O procedemento de reintegro tramitarse nos termos previstos no artigo 77 do Decreto 11/2009.

Os beneficiarios das axudas, de ser o caso, estarán suxeitos ao réxime sancionador previsto no título IV da LSG, desenvolvido no título VI do RLSG.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección de Agader, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses, nos termos previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Notifíquese esta resolución á entidade interesada.

Santiago de Compostela,
O director xeral de Agader
-Por delegación: Resolución 24/07/2013; DOG n.º 148, do 5 de agosto-
Asinado dixitalmente
Miguel Ángel Pérez Dubois

